

**CONVOCATORIA DO "PROGRAMA DE TITORES"**  
**PARA ALUMNADO MATRICULADO EN ESTUDOS DE GRAO**  
**Curso Académico 2022-2023**

O Real Decreto 822/2021, no seu artigo 10. Establece os "Procedementos de recoñecemento e transferencias de créditos académicos nos títulos universitarios oficiais" e no apartado.9.c) deste artigo indica que *"Serán objeto de estos procedimientos los créditos con relación a la participación del estudiantado en actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturales, deportivas y de representación estudiantil, que conjuntamente equivaldrán a como mínimo seis créditos. De igual forma, podrán ser objeto de estos procedimientos otras actividades académicas que con carácter docente organice la universidad. En ningún caso podrán suponer la totalidad los créditos objeto del reconocimiento establecido en esta letra c) de este artículo, más del 10 por ciento del total de créditos del plan de estudios."*

O Consello de Goberno na súa sesión do 4 de xullo de 2008 aprobou o sistema de recoñecemento de créditos. Nesta norma establécese que se poderán recoñecer distintas actividades realizadas polo alumnado da USC entre as que se atopa a actividade denominada "**Programa de Titores**". *Este acordo foi desenvolto pola Resolución Reitoral do 14/12/09*

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve aprobar a seguinte

## CONVOCATORIA

### **PRIMEIRO.- PRAZAS OFERTADAS**

Convócanse prazas de "Programa de Titores", consonte a relación que se indica no **anexo I**.

No caso dos centros con varias titulacións, se non hai suficientes solicitantes dunha titulación que cumpran os requisitos, poderán cubrirse estas prazas con solicitantes das outras titulacións.

### **SEGUNDO.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

**2.1.-** O primeiro curso será de formación, orientado a que os titores poidan desenvolver adecuadamente as actividades previstas para o segundo curso. O **Anexo II** recolle os contidos fundamentais a desenvolver:

- Bloque 1. Coñecementos básicos do funcionamento da USC.

- Bloque 2. Divulgación da oferta de servizos e programas que fai a USC.
- Bloque 3. Formación específica para o labor de titor/a.

**2.2.-** Durante o segundo curso o alumnado dará acollida ós estudantes de novo ingreso exercendo de titor durante todo o ano académico e colaborará nas actividades que organice o Programa A Ponte:

- Participación na recepcións do estudantado de novo ingreso do seu centro
- Participación nas actividades de información sobre a oferta de servizos e programas da Universidade para o alumnado e a organización e funcionamento do seu centro e da USC.
- Exercer como titor/a do estudantado de novo ingreso
- Colaborar nas actividades que organiza "A Ponte" para o estudantado de Ensino Medio:
  - Visitas guiadas ás instalacións da USC
  - Actividades virtuais de orientación e información
  - Organización de eventos
  - Outras actividades relacionadas co ensino medio que lle sexan encomendadas dende o seu centro ou polos coordinadores do Programa "A Ponte".
  - Apoio ao Servizo de Participación e Integración Universitaria nas accións destinadas a favorecer a inclusión do estudantado de novo ingreso con necesidades de apoio educativo.

### **TERCEIRO.- HORARIO DO PRIMEIRO CURSO**

A actividade presencial terá lugar en 12 sesións de 90 minutos que se desenvolverán preferentemente do 6 de marzo ao 23 de marzo de 2023, de luns a xoves en horario de 20:15 a 21:45 horas. Estas actividades complementarase con actividades non presenciais e o profesorado tamén poderá substituír parte da actividade presencial por actividades non presenciais. No campus de Santiago terán lugar na Facultade de Dereito e no Campus de Lugo na Facultade de Administración e Dirección de Empresas.

### **CUARTO.- REQUISITOS**

Para poder participar neste programa, o alumnado deberá ter superado, como mínimo, 60 créditos.

### **QUINTO.- SOLICITUDES E PRAZOS**

As solicitudes, dirixidas ao Decano/a ou Director/a, presentaranse nos decanatos ou direccións dos respectivos centros no prazo do 13 de febreiro ao 27 de febreiro de 2023. O número de prazas de cada titulación figuran recollidas no Anexo I.

### **SEXTO.- SELECCIÓN**

**6.1.-** De resultar mais solicitantes que prazas, estas adxudicaranse:

- a) En primeiro lugar, entre o alumnado que lle resten 120 ou menos créditos para rematar e, de resultar prazas vacantes, entre o resto de alumnado que reúna os requisitos esixidos.
- b) En cada unha das quendas establecidas no apartado anterior, as prazas adxudicaranse en función da media do expediente académico (máximo 3 puntos) e unha entrevista na que se valorará a actitude e capacidades dos solicitantes para realizar as tarefas previstas (máximo 2 puntos).

**6.2.-** A Comisión de Selección estará presidida polo/a Decano/a ou Director/a, ou persoa na que delegue, o Coordinador do centro do Programa "A Ponte" e o Coordinador do Programa "A Ponte" no Campus correspondente, ou persoa na que delegue. De ser necesarias as entrevistas, convocarase ao alumnado mediante o correspondente anuncio no taboleiro de centro.

A non asistencia á entrevista na data fixada suporá a eliminación do alumno ou alumna do proceso selectivo.

**6.3.-** Rematado o proceso de selección, a Comisión fará pública a relación de alumnado admitido e non admitido nos taboleiros de anuncios do centro, así como os criterios empregados e a correspondente lista de agarda. Contra esa relación os interesados e interesadas poderán presentar reclamacións dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación.

**6.4.-** Rematado o prazo de reclamacións e resoltas as mesmas pola Comisión, o coordinador do programa "A Ponte" comunicará ao Servizo de Xestión Académica e as Unidades de Xestión Académica correspondentes, o alumnado seleccionado.

## **SÉPTIMO.- AVALIACIÓN, MATRÍCULA E EFECTOS ACADÉMICOS DA ACTIVIDADE**

**7.1.-** A avaliación desta actividade realizaraa o Delegado do Reitor para Asuntos de Ensino Medio coa información recibida dos Coordinadores do Programa de cada centro e da Coordinadora do Programa "A Ponte" no Campus de Lugo. Para unha cualificación de APTO será obrigatorio a avaliación positiva do seguimento do curso de titores e a participación nas actividades para as que sexa requerido/a no segundo curso, salvo causa debidamente xustificada.

Para a avaliación positiva do curso de titores será necesaria a asistencia a un mínimo do 80% das clases e presentar no mes de abril de 2023 unha memoria breve do curso na que se recolla unha reflexión persoal sobre o mesmo, facendo referencia aos coñecementos adquiridos, a aplicacións dos mesmos, o nivel de satisfacción das expectativas e unha valoración persoal de acordo co formato do **ANEXO III** que acompaña á convocatoria. Para ter constancia da súa participación nas actividades do segundo curso, farase un seguimento do labor desenvolto e o alumnado deberá facer un informe ao finalizar o mesmo, que enviará antes do 30 de abril de 2024 ó/á coordinador/a do Programa "A Ponte" do seu centro e ó/á Coordinador/a do Programa "A Ponte" no campus respectivo de acordo co formato do **ANEXO IV** que acompaña a convocatoria.

**7.2.-** A avaliación positiva da realización de todas as actividades do programa dará dereito ao recoñecemento de 6 créditos ECTS nas titulacións de grao, ao

abeiro do artigo 10.9.c) do Real Decreto 15781/2021, do 29 de setembro. Non será posible a valoración e recoñecemento de créditos pola realización e superación dunha soa das partes do programa.

**7.3.-** No caso de non cumprir os requisitos fixados para o segundo ano por causa xustificada, e non acadar por tanto a avaliación positiva, o alumnado poderá ter unha segunda oportunidade e continuar no Programa no curso seguinte, se así o desexa, para lograr o cumprimento dos requirimentos esixidos e obter así esa avaliación positiva.

**7.4.-** O alumnado seleccionado realizará a 1ª parte desta actividade no presente curso académico 2022-23. Os que a superen formalizarán a matrícula de 6 créditos ECTS no curso 2023-24, nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria.

**7.5.-** O resultado da avaliación reflectirase na correspondente acta asinada polo Delegado do Reitor para Asuntos de Ensino Medio e Coordinador do Programa de Tutores mediante as cualificacións de APTO ou NON APTO, e serán depositadas nos mesmos lugares que as actas ordinarias das distintas materias.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.-** A Secretaría Xeral ditará as instrucións necesarias para o desenvolvemento da presente Resolución.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2023

**O Reitor,**

Antonio López Díaz

SRA. SECRETARIA XERAL; SRA. VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA; SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓN; SRA. VICERREITORA DE IGUALDADE, CULTURA E SERVIZOS; SRS/SRAS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA, SR/SRA. XEFE/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.

## Anexo I

### RELACIÓN DE PRAZAS DE CADA TITULACIÓN

CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

| TITULACIÓN                                     | Nº DE PRAZAS |
|--|--------------|
| Grao en Administración e Dirección de Empresas | 4            |
| Grao en Bioloxía                               | 4            |
| Grao en Biotecnoloxía                          | 4            |
| Grao en Ciencia Política e da Administración   | 4            |
| Grao en Comunicación Audiovisual               | 4            |
| Grao en Criminoloxía                           | 4            |
| Grao en Dereito                                | 4            |
| Grao en Economía                               | 4            |
| Grao en Educación Social                       | 4            |
| Grao en Enfermaría                             | 4            |
| Grao en Enxeñaría Informática                  | 4            |
| Grao en Enxeñaría Química                      | 4            |
| Grao en Farmacia                               | 4            |
| Grao en Filosofía                              | 4            |
| Grao en Filoloxía Clásica                      | 4            |
| Grao en Física                                 | 4            |
| Grao en Historia da Arte                       | 4            |
| Grao en Historia                               | 4            |
| Grao en Lingua e Literatura Españolas          | 4            |
| Grao en Lingua e Literatura Galegas            | 4            |
| Grao en Lingua e Literatura Inglesas           | 4            |
| Grao en Linguas e Literaturas Modernas         | 4            |
| Grao en Matemáticas                            | 4            |
| Grao en Medicina                               | 8            |
| Grao en Mestre ou Mestra en Educación Infantil | 4            |
| Grao en Mestre ou Mestra en Educación Primaria | 4            |
| Grao en Odontoloxía                            | 4            |
| Grao en Óptica e Optometría                    | 4            |
| Grao en Pedagogía                              | 4            |
| Grao en Psicoloxía                             | 4            |
| Grao en Química                                | 4            |
| Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos  | 4            |
| Grao en Traballo Social                        | 4            |
| Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio   | 4            |
| Grao en Xornalismo                             | 4            |

CAMPUS DE LUGO

| <b>TITULACIÓN</b>  | <b>Nº DE PRAZAS</b> |
|--|---------------------|
| <b>Grao en Administración e Dirección de Empresas</b>      | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Bioquímica</b>                                  | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Empresa e Tecnoloxía</b>                        | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Enfermaría</b>                                  | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria</b>        | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Enxeñaría Civil</b>                             | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais</b> | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Rural</b>         | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Mestre ou Mestra en Educación Infantil</b>      | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Mestre ou Mestra en Educación Primaria</b>      | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Nutrición Humana e Dietética</b>                | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Paisaxe</b>                                     | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos</b>       | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Robótica</b>                                    | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Veterinaria</b>                                 | <b>4</b>            |
| <b>Grao en Xestión Cultural</b>                            | <b>4</b>            |

## Anexo II

### CONTIDOS FUNDAMENTAIS A DESENVOLVER NO CURSO DE TITORES

(poderá alterarse a orde ou modificarse parcialmente algunha das sesións en función da disponibilidad de profesorado)

| CURSO DE TITORES 2020-2021  |  |
|---|--|
| <b>Contidos parte xeral</b>   |  |
| 1   | Formación de equipo de alumnado titor de A Ponte.  |
| 2   | A USC. Organización e Servizos.  |
| 3   | As relacións administrativas alumno – universidade.<br>Oferta Académica da USC   |
| 4   | As Linguas na USC (CLM).<br>Recursos Bibliográficos (completarase con formación específica de cada centro).            |
| 5   | Plan de Desenvolvemento Sostible.<br>Asociacións estudantís. Representación en órganos de goberno.                     |
| 6   | A participación desde a USC: voluntariado, cooperación e integración.  |
| 7   | Actividades Culturais e Deportivas.  |
| 8   | Programas de Mobilidade.   |
| 9   | Emprendemento e Empregabilidade.<br>O desenvolvemento da Carreira Profesional.   |
| 10  | A titoría e a orientación universitaria. Titoría entre iguais: planificación e recursos.<br>Algúns exemplos prácticos. |
| 11  | Experiencias de Titorización.  |
| 12  | Técnicas de Comunicación.  |
| <b>Parte específica:</b>  |  |
| <p>Cada centro informará aos seus titores sobre as particularidades do mesmo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Planos de estudos</li> <li>• Intercambios existentes</li> <li>• Saídas profesionais</li> <li>• Recursos Bibliográficos específicos do centro</li> <li>• Asociacións estudantís do centro</li> <li>• O Campus Virtual.</li> </ul> <p>Esta parte específica impartirase nun número de sesións que cada centro estime oportuno.</p> |  |

**Anexo III**  
**INFORME DO CURSO DE TITORES**  
**(para entregar no mes de abril de 2023)**

**Apelidos e Nome:**

**Titulación:**

1. Coñecementos adquiridos no Curso. Que aprendín que non sabia antes?
2. Aplicación dos coñecementos. Para que me vai servir o que aprendín?
3. Indica os contidos que consideras mais útiles. Por que?
4. Que contidos eliminarías do curso de titores? Por que?
5. Que engadirías ao do curso de titores? Por que?
6. Fai un breve resume do curso realizado.
7. Críticas e Suxestións.
8. Se xa se realizou, explica brevemente en que consistiu a parte específica do curso para os titores do teu centro.
9. Indica que cousas variarías da parte específica.



**Anexo IV**  
**INFORME FINAL DO PROGRAMA DE TITORES**  
**(Para entregar no mes de abril de 2024)**

**Apelidos e Nome:**

**Titulación:**

1. Coñecementos adquiridos. Que aprendín que non sabia antes?
2. Aplicación dos coñecementos. Para que me vai servir o que aprendín?
3. Actividades realizadas
4. Aspectos positivos
5. Críticas e Suxestións
6. Á vista da experiencia, que eliminarías do curso de titores realizado en 2021?
7. Á vista da experiencia, que engadirías ao curso de titores realizado en 2021?
8. Que formación específica recibiches na túa Facultade/Escola?
9. Que engadirías ou eliminarías da formación específica da túa Facultade/Escola?
10. Que actividades novas crees que podían desenvolver os titores?
11. Das actividades realizadas, cales crees que non deberían facer os titores?
12. Satisfacción Global co programa de Titores (Excelente / Moi satisfeito / Satisfeito / Pouco satisfeito / Decepcionado)
13. Indicar brevemente os motivos polos que o cualificas así.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
09/02/2023 11:44:18.

**CSV:** 0197-3D50-4CF7-8232